



PROCEDIMENTO DE RESERVAS DOS REFUXIOS **DA FGM**

1.- DEFINIÇÃO E FINALIDADE.

Un refuxio de montaña é unha instalación deportiva destinada a facilitar pasar a noite para a práctica do montañismo, para realizar actividades de formación das distintas áreas que forman a Federación Galega de Montañismo (en adiante FGM) e para as persoas federadas dos clubs pertencentes á mesma.

A finalidade da presente normativa de reserva céntrase no bo uso das instalacións e a convivencia, como tamén na regulación doutros aspectos.

2.- REQUISITOS.

Ao refuxio poderán acceder persoas de maneira individual ou en grupos, pero **será requisito indispensable que ao menos haxa un (1) FEDERADO/A en cada grupo** e que polo tanto, as persoas que acedan de maneira individual sexan tamén FEDERADAS.

3.- PROCEDIMENTO.

1. Acceder ao portal de reservas na web da federación:
<https://fedgalmon.gal/refuxios/>
2. Elixir o refuxio no que se quere reservar
3. Cubrir o formulario cos datos requiridos
4. Ler e Aceptar o consentimento de política de privacidade
5. Formalizar o pago a través do portal de PayPal
6. Agardar pola confirmación de reserva vía e-mail

* No caso de reservas de grupo grande (máis 10 persoas) a través dun CLUBE, faranse directamente poñéndose en contacto con fedgalmon@fedgalmon.gal ou no teléfono 618 061 428

4.- REGULAMENTO.

O resto de información e casos atenderan o establecido no “Regulamento de refuxios” publicado na web da FGM: https://fedgalmon.gal/wp-content/uploads/2024/12/03_Regulamento-de-Refuxios-2023-1-1.pdf